

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2020/15	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivación: Necesidade de aprobación do expediente de contratación de Mellora Enerxética de diversos Alumeados Exteriores do Concello de Outes.
<b>Data</b>	14 de DECEMBRO de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata as 20:10 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	NON
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI



33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	NON
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI

**Escusas de asistencia presentadas:**

ALBA QUINTELA VILARIÑO por cumprimento normativa e protocolo COVID-19 por contacto cun positivo.

MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO por asuntos persoais.

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**1.- Aprobación da acta da sesión anterior**

**Favorable**

**Tipo de votación**

Non procede aprobación acta sesión anterior.

**2. Expediente 312/2020: Contratacións.**

**Favorable**

**Tipo de votación**

**DEBATE**

O Sr. González comeza a sesión expoñendo o único punto do día referente ao expediente de contratación do proxecto denominado "Mellora Enerxética de diversos Alumeados Exteriores do Concello de Outes". Comeza a exposición indicando que o proxecto xa coñecen os asistentes e que o trámite vinculado ao mesmo xa se realizou fai tempo na propia modificación de crédito en marzo deste ano e o que se pretende, despois de ter a concesión do IDAE, é mellorar o alumeado público mediante a substitución das luminarias, ademais doutras melloras vinculadas a esta cuestión de aforro enerxético. Continúa o Sr. González indicando que o feito de que sexa extraordinario é por unha cuestión de prazos e



indica que é un expediente complexo que vai a requirir aínda máis traballo.

Toma a palabra a voceira do Partido Popular a Sra. Molinos que expón que en primeiro lugar queren facer referencia ao punto catro da memoria xustificativa deste expediente que vostedes subscriben e indica o citado no mesmo que “a execución desta inversión non supón en ningún caso aumento algún nos gastos correntes do Concello e que de cumprirse as previsións non comprometerá ao cumprimento de estabilidade orzamentaria”. Continúa a Sra. Molinos indicando que no informe de Intervención faise referencia a que este principio si se ve afectado por importe dos fondos propios financiados do Concello. Indica que non hai que esquecer que para poder levar a cabo este proxecto o Concello debe facer unha achega do 20% do importe do mesmo e polo que alcanza unha cifra maior aos 180.000€ e eses cartos si que terán repercusión nas contas municipais. Prosegue que cando o goberno comezou este proceso o cumprimento das regras fiscais estaba vixente aínda que posteriormente debido á crise sanitaria e económica provocada polo COVID-19 o cumprimento destes obxectivos mudou, pero o que non mudou foi a responsabilidade económica e o principio de prudencia á hora de gastar os cartos do Concello. No informe de Intervención recórdase que o Goberno central fixou unha taxa de déficit para as entidades locais dun 0,1 para o ano 2021 que servirá de guía para a actividade económica municipal. Indica que dende o PP esperan que o goberno teña presente ese aspecto.

Por outra banda, a Sra. Molinos indica que queren poñer de manifesto as observacións que se fan ao contido do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) no devandito informe de Intervención, con respecto entre outras cousas, á apreciación da existencia de ofertas anormalmente baixas, aos criterios de adxudicación, aos criterios de solvencia, ás condicións especiais da execución do contrato, etc. Se ben, estas observacións feitas pola Intervención non supoñen reparos suspensivos e non teñen efectos suspensivos na tramitación deste expediente, consideran que se deberon ter en conta para que non houbera ambigüidade no establecemento do PCAP.

Indica a Sra. Molinos que o PP non se vai opoñer á execución deste proxecto pero que debido ás advertencias gardan unha certa reserva con respecto ao procedemento a seguir.

Toma a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) o Sr. Núñez que expón que este proxecto tense que se desenvolver posto que se esta a falar dunha subvención, proceder con este trámite para ser executada e neste sentido



o BNG non se vai opoñer a que se melloren as luminarias.

Toma a palabra o voceiro do grupo mixto-PSOE o Sr. Caamaño que indica o anuncio de que o seu partido non vai dicir que non e que xa votaron a favor desta no seu momento e que lles parece unha das obras ou das decisións que o goberno tomou acertadamente. Continúa indicando que dende que entrou na Corporación lee os informes tanto de Secretaría como de Intervención e que con respecto a este último chama a atención o detalle das observacións, as cales sen que teñan en ningún caso efectos suspensivos da tramitación do expediente e que saiba que hai unhas observacións por parte de Intervención que merecerían terse en conta.

Toma a palabra o Sr. González que indica que efectivamente no seu momento a regra de estabilidade cando se aprobou a modificación de crédito, as regras fiscais, e apunta que como dixo a voceira do PP a Sra. Molinos que aínda que agora non estea, quere lembran con respecto ás regras de estabilidade como ten denunciado a FEGAMP era un auténtico corsé para a actividade municipal e en particular para aqueles Concellos que tendo un remanente importante non podían utilizalo, agora que temos esa posibilidade creemos que con este tipo de proxectos está máis que xustificado.

En segundo lugar, o Sr. González indica que efectivamente dende Intervención fanse unha serie de comentarios e apreciacións de forma detallada e fai referencia de que tal e como apuntaron os grupos son cuestións non suspensivas. Quere facer referencia o Sr. González de que é un expediente moi complexo e que estamos falando dun proxecto de máis de 900.000€ que ten que publicarse no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) e é algo que o Concello de Outes ten as súas limitacións á hora de armar este tipo de expedientes, polo tanto, é lóxico este tipo de comentarios e matizacións. O que pretenden é que todo saia ben e que poidamos desenrolar o proxecto e conseguir o aforro enerxético e as melloras que tamén son importantes así como outras cuestións vinculadas ao soterramento de cableado, etc.

## **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 4 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 1 abstención



GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención.

Aprobase co voto a favor do grupo de Goberno e as abstencións do PP, BNG e grupo mixto-PSOE.

## **ACORDO**

### **PROPOSTA ALCALDÍA**

#### **ANTECEDENTES**

Con data 25.06.2020 aprobase no Pleno ordinario de xuño da Corporación do “Proyecto de alumbrado del Ayuntamiento de Outes”.

Vista a acta de replanteo previa do 02.12.2020, en cumprimento do en cumprimento do disposto no artigo 231 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Visto o informe técnico do proxecto do 02.12.2020 realizado po Javier García Villamisar (autor do proxecto).

Visto o informe de Secretaría 2020-0080 relativo ao procedemento con data do 01.12.2020, o informe de recursos ordinarios do orzamento e existencia de crédito por parte de Intervención con data do 01.12.2020 e o informe de Intervención 2020-0184 con data do 03.12.2020.

E sendo o órgano de contratación o Pleno da Corporación, consonte co recollido no artigo 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contrato do Sector Público, propoño a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** A aprobación dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e os Pregos de Prescricións Técnicas do proxecto denominado: Mellora Enerxética de Diversos Alumeados Exteriores do Concello de Outes.

**SEGUNDO.-** Aprobación do expediente de Contratación das anteditas actuacións e dispoñer á apertura correspondente de procedemento de adxudicación.



**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto correspondente con cargo á aplicación orzamentaria 165-63300 e polo importe máximo de 923.442,23 € (IVE incluído).

**CUARTO.-** Dar conta deste acordo ao Instituto para a Diversificación e Aorro da Enerxía (IDAE).

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

## **C) ROGOS E PREGUNTAS**

*Remata a sesión ás 20:10 horas do que, como Secretaria, dou fe.*

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

A gravación do Pleno é consultable no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=OO0MpTf7oYc>

